

Biblia para Niños  
presenta

# Os milagres de Xesús



Escrito por: Edward Hughes

Ilustrado por: Byron Unger; Lazarus  
Alastair Paterson

Adaptado por: E. Frischbutter; Sarah S.

Traducido por: [www.christian-translation.com](http://www.christian-translation.com)

Producido por: Bible for Children  
[www.M1914.org](http://www.M1914.org)

©2022 Bible for Children, Inc.

Licencia: Tes o dereito de copiar e imprimir esta historia,  
mentres que non a comercialices.




Xesús fixo moitos milagres. Os milagres eran sinais para mostrar que Xesús é fillo de Deus.



O primeiro milagre aconteceu nunha voda. Xurdiu un problema. Non había viño suficiente para todos.



María, a nai de Xesús, faloulle sobre o problema, despois díxolle aos servos que fixesen o que Xesús mandara.



"Enche estas potas de auga", dixo Xesús. "¿Auga?" preguntarían. Si, auga era o que Xesús pediu.



Entón Xesús díxolle a  
un criado que collese  
un pote grande  
e deixará ao  
encargado da  
festa probalo.

A auga era  
agora viño!  
Bo viño! O  
mellor  
viño!



Os criados quedaron abraiados.  
Xesús convertera a  
auga en viño. Só  
Deus podería facer  
tales milagres.






Xesús fixo outros milagres.  
Unha noite, el e os seus  
discípulos foron á casa de  
Pedro. A sogra de Pedro  
estaba moi doente  
de febre.



Xesús tocoulle a man a enferma. Nun momento volveu estar ben. Levantouse para servir a Xesús e aos discípulos.



Parecía que toda a cidade estaba reunida na porta aquela noite. Viñan enfermos: cegos, xordos, mudos, lisiados. Mesmo as persoas posuidas polos demos amonroáronse preto de Xesús. Podería axudar a tantos?



Xesús, o Fillo de Deus, podería axudálos.  
Xesús axudou. Todos os que acudiron a  
El foron curados. A xente que se  
arrastraba con muletas agora podía  
camiñar, correr e saltar.




Viñeron outros,  
que sufrieron  
transformacións  
horribles coa  
lepra.




Comenzaron  
a lucir sans  
e limpos  
mentres  
Xesús os  
curou.



Homes e mulleres con problemas de  
demos estaban diante de Xesús. El  
mandoulles aos  
demos que os  
abandoasen.



Mentres os demos  
obedecían,  
as persoas  
temerosas  
e infelices  
convertéronse  
tranquilas  
e alegres.





Detrás da multitude, catro homes intentaron axudar ao seu amigo con Xesús. Pero non puideron achegarse. Que poderían facer?



Levando o enfermo ata  
o tellado da casa, os catro  
fieis amigos separaron  
o tellado e baixárono.  
Agora estaba  
preto de  
Xesús.



Xesús viu que os catro amigos tiñan fe. Díxolle ao home enfermo: "Os teus pecados están perdoados. Érguete da cama e camiña". O home ergueuse, ben e forte. Xesús curarao.




Pouco despois, Xesús estaba nun barco cos discípulos. Unha tormenta espantosa axitou o mar. Xesús estaba durmindo. Os aterrORIZADOS discípulos espertárono. "Señor, sálvanos," berraban.

"Perecemos!"




"Estade quietas", ordenou Xesús ás ondas. Inmediatamente, o mar estaba en calma. "Qué tipo de home é este?" Os seus discípulos murmuraron.

Incluso o vento e o mar obedecen.



Crían que Xesús era o Fillo de Deus porque os seus milagres mostraban a súa gloria. Os discípulos non o sabían, pero ían ver a Xesús facer aínda maiores milagres

mentres servía a Deus entre os homes.



# Os milagres de Xesús

A historia dende o Deus da Terra,  
a Biblia

encóntrase en

Mateo 8-9, Marcos 1-2, Marcos 4,  
Lucas 4, Lucas 8, Xoán 2

"A entrada das súas palabras danos  
luz." Salmo 119:130



O final





Esta historia bíblica fálanos sobre o noso  
marabilloso Deus, quen nos creou e quere que ti o  
coñezas.

Deus sabe que nós fixemos malas cousas, ás que  
El chama pecados. O castigo dese pecado é a  
morte, pero Deus ámanos moito. El enviounos o  
seu único Fillo, Xesús, para morrer na Cruz e ser  
castigados polos nosos pecados. Entón Xesús  
volveu a vida e foi á casa, ó Ceo! Si ti cres en  
Xesús e lle preguntas que esqueza os teus  
pegados, El farao! El volverá e vivirá en ti agora,  
e ti vivirás con El para sempre.



Si ti crees nesta verdade, dille isto a Deus:  
Querido Xesús, Eu creo que ti es Deus,  
convertícheeste en home para morrer polos nosos  
pecados e agora ti estás vivo outra vez. Por  
favor, entra na miña vida e perdoa os meus  
pecado, así eu poderei ter agora unha nova vida,  
un día estarei contigo para sempre. Axúdame a  
obedecerche e vivir por ti como o teu fillo.  
Amén.

Lee a Biblia e fala con Deus todos os días! Xoán  
3:16

